

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E CÁRITAS FEDERADAS DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - CÁRITAS FEDERADAS EN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE LINGUA E CULTURA GALEGAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar con **Cáritas Federadas en Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30/12/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e Cáritas Federadas en Galicia para promover conxuntamente o emprego do galego e o coñecemento da cultura galega en distintos ámbitos da poboación e en todos os contextos da sociedade, dirixíndose particularmente aos novos galegos e galegas provenientes do exterior, que ademais conforman un colectivo en risco de exclusión cultural. O convenio pretende así fomentar a integración e a inclusión sociocultural efectiva das persoas participantes, dado que aprender o idioma do país de acollida é esencial para integrarse con éxito, así como aproveitar o enorme potencial que supón a chegada de persoas de fóra de Galicia como un xeito de incrementar o número de falantes da nosa lingua. Este obxectivo materializarase na realización de 34 cursos de introdución á lingua e á cultura galegas, de 20 horas cada un, na modalidade presencial, que se impartirán en diversas localidades.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Que, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas necesarias para garantir o uso do galego como lingua cooficial e a promoción e difusión da cultura galega.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten atribuídas as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

Que Cáritas Federadas en Galicia é unha institución sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins de interese xeral e público, que traballa a prol do desenvolvemento social, educativo e cultural de Galicia, promovendo dende a súa creación proxectos de acción dirixidos a mellorar e fortalecer o futuro da sociedade galega en xeral. Entre esas liñas de acción, figuran as relativas aos procesos de acompañamento e integración a través da formación dirixida a persoas chegadas a Galicia co fin de que este reverta nun mellor arraigamento e sentimento de pertenza a través da lingua. Neste senso, xa ten experiencia na implantación deste tipo de proxectos e ademais conta coa capacidade para os levar a cabo.



Que as partes son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística así como da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións. Conforme a isto, as partes colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nos diferentes eidos sociais e económicos. Así mesmo, as partes teñen en conta o recollido na Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que pretende promover as condicións para que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas e remover os obstáculos que a impidan ou dificulten, con especial atención a aquelas persoas en que conorra algún factor de risco de exclusión cultural.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

